



## XUNTA DE GALICIA

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP CURROS ENRÍQUEZ  
Avda. Miguel Angel Blanco, (A Costa)  
32800 Celanova  
Ourense  
TELÉFONO: 988-788068

<http://centros.edu.xunta.es/ceipcurrosenriquez.celanova>  
[ceip.curros.celanova@edu.xunta.es](mailto:ceip.curros.celanova@edu.xunta.es)

## ACTUALIZACIÓN DAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO CON RESPECTO Á AVALIACIÓN

### BASE LEXISLATIVA:

- *Real Decreto 984/2021, do 16 de novembro, polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así como a avaliación, a promoción e a titulación na Educación Secundaria Obrigatoria, o Bacharelato e a Formación Profesional.*
- *ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de E. Primaria, ESO e Bacharelato no sistema educativo de Galicia. (De aplicación a partir da segunda avaliación do curso 2021-2022).*
- ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (derróganse os artigos 2,3,e 6).
- ORDE do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.


### SESIÓNS DE AVALIACIÓN

– As sesións de avaliación serán coordinadas pola persoa titora do grupo e nelas participará o equipo docente de cada grupo, a persoa titular da xefatura de estudos (ou dirección do centro) e poderán contar co asesoramento do departamento de orientación.

Nestas sesión valorarase o desenvolvemento xeral do alumnado, a súa aprendizaxe, a práctica docente do profesorado e aquelas circunstancias cuxa incidencia no proceso de ensino aprendizaxe consideréanse relevantes, así como as medidas que se deban adoptar e os acordos acadados.

### AVALIACIÓN INICIAL:

– Durante o primeiro mes de cada curso, cada profesor deberá realizar unha AVALIACIÓN INICIAL coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria no seu proceso de aprendizaxe, incidindo



## XUNTA DE GALICIA

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP CURROS ENRÍQUEZ  
Avda. Miguel Angel Blanco, (A Costa)  
32800 Celanova  
Ourense  
TELÉFONO: 988-788068

<http://centros.edu.xunta.es/ceipcurrosenriquez.celanova>  
[ceip.curros.celanova@edu.xunta.es](mailto:ceip.curros.celanova@edu.xunta.es)

na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias básicas.

– Esta avaliación incluíra a análise dos informes persoais da etapa ou ciclo anterior correspondentes ao seu alumnado e completárase coa información obtida das familias, será o punto de referencia para realizar a programación de aula e adoptar as medidas ordinarias e extraordinarias con cada alumno e alumna.

#### **TRES SESIÓNS DE AVALIACIÓN:**

– Ao longo de cada un dos cursos realizaranse para cada grupo de alumnos e alumnas tres sesións de avaliación (ademais da sesión de avaliación inicial) que serán presididas pola persoa titora.

– A persoa titora recollerá en acta:

- as valoracións e conclusións sobre o nivel de rendemento do grupo,
- as valoracións e conclusións sobre o nivel de rendemento do alumnado,
- os acordos adoptados en relación co grupo,
- os acordos adoptados en relación cos alumnos e coas alumnas.

#### **RESULTADOS DA AVALIACIÓN:**

##### **EDUCACIÓN INFANTIL:**

– A valoración do proceso de aprendizaxe expresárase en termos cualitativos, recollendo os progresos efectuados por o alumnado e, no seu caso, as medidas de reforzo e adaptación levadas a cabo.

– En cada avaliación avaliaranse os indicadores de cada área que se establezan.

– Os indicadores serán avaliados cos termos seguintes:

- con dificultade,
- en proceso
- sen dificultade.

##### **EDUCACIÓN PRIMARIA:**

(Ata a implantación das modificacións introducidas pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, no currículo, na organización e nos obxectivos das ensinanzas de educación primaria o procedemento de expresión dos resultados de avaliación axustárase ao previsto, para a educación primaria, no artigo 14 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro).

– Os resultados da avaliación expresárase nos seguintes termos:

- insuficiente (IN),
- suficiente (SU),
- ben (BE),



## XUNTA DE GALICIA

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP CURROS ENRÍQUEZ  
Avda. Miguel Angel Blanco, (A Costa)  
32800 Celanova  
Ourense  
TELÉFONO: 988-788068

<http://centros.edu.xunta.es/ceipcurrosenriquez.celanova>  
[ceip.curros.celanova@edu.xunta.es](mailto:ceip.curros.celanova@edu.xunta.es)

- notable (NT) e
- sobresaínte (SB).
- Daráselles unha cualificación numérica sen decimais:
- Insuficiente: 1, 2, 3 e 4
- Suficiente: 5
- Ben: 6
- Notable: 7 e 8
- Sobresaliente: 9 e 10
- Considerase cualificación negativa o insuficiente, e positiva as restantes.

### **AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE**

- A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe.

Teranse en consideración, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe das diferentes áreas que se relacionan cunha mesma competencia, os cales conforman o perfil desa competencia. Reflectiranse na acta de avaliación final de cada curso nos termos: o «Insuficiente (IN)», «Suficiente (SU)», «Ben (BE)», «Notable (NT)» ou «Sobresaínte (SB)».

### **AVALIACIÓN DO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO.**

- A avaliación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo tomará como referente os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe fixados con carácter xeral.

*Aplicaranse as medidas máis adecuadas para que á avaliación se adapte ás circunstancias do alumnado con necesidade específica de apoio educativo (Orde do 8 de setembro de 2021).*

*Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas polo alumnado.*

*Promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados.*

*Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.*

*A alumna ou do alumno con necesidades educativas especiais poderá prolongar un curso adicional a súa escolarización cando as súas circunstancias persoais permanentes ou transitorias, acreditadas polo servizo de orientación o aconsellen.*



## XUNTA DE GALICIA

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP CURROS ENRÍQUEZ  
Avda. Miguel Angel Blanco, (A Costa)  
32800 Celanova  
Ourense  
TELÉFONO: 988-788068

<http://centros.edu.xunta.es/ceipcurrosenriquez.celanova>  
[ceip.curros.celanova@edu.xunta.es](mailto:ceip.curros.celanova@edu.xunta.es)

#### **MEDIDAS DE REFORZO EDUCATIVO:**

– *Cando o progreso do alumnado non sexa o axeitado:*

*Estableceranse medidas de reforzo educativo.*

*En calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades.*

*Terá un especial seguimento o alumnado con necesidades educativas especiais.*

*Estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.*

#### **AVALIACIÓN DOS PROCESOS DE ENSINANZA E DA PRÁCTICA DOCENTE.**

*A avaliación ten como finalidade a valoración dos procesos e dos resultados de aprendizaxe do alumnado e do exercicio da práctica docente.*

*O profesorado avaliará os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.*

*Establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.*

Esta avaliación incluírá, cando menos, os seguintes aspectos:

Aprendizaxes alcanzadas polo alumnado e procedementos de avaliación.

Grao de desenvolvemento das programacións docentes, adecuación ao alumnado de cada unha das súas partes e eficiencia das medidas curriculares e organizativas.

Medidas de atención á diversidade aplicadas.

Clima de traballo na aula.

Coordinación do equipo docente e relación co resto da comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias.

As conclusións da avaliación dos procesos de ensinanza e da práctica docente poderán incluír propostas de mellora. Unha síntese desas conclusións formará parte


da memoria final de cada un dos cursos.

#### **INFORMES INDIVIDUAIS DE AVALIACIÓN POR TRIMESTRE (BOLETÍN DE NOTAS)**

Despois de cada sesión de avaliación, cada titor solicitará á secretaría do centro a impresión dos informes individuais de avaliación e da acta de avaliación coas cualificacións da súa titoría.

O titor/a faralle chegar a cada unha das familias o informe individual de avaliación coas cualificacións do seu fillo/a, asinado e selado.

As notas publicaranse na aplicación Abalar Móbil o mesmo día da entrega en papel salvo excepcións.



## XUNTA DE GALICIA

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP CURROS ENRÍQUEZ  
Avda. Miguel Angel Blanco, (A Costa)  
32800 Celanova  
Ourense  
TELÉFONO: 988-788068

<http://centros.edu.xunta.es/ceipcurrosenriquez.celanova>  
[ceip.curros.celanova@edu.xunta.es](mailto:ceip.curros.celanova@edu.xunta.es)

O centro pode decidir que as familias só reciban estes informes a través da aplicación abalar Móbil.

### DOCUMENTOS OFICIAIS DE AVALIACIÓN.

*Ata a implantación das modificacións introducidas pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, no currículo, na organización e nos obxectivos das ensinanzas de educación primaria, os documentos oficiais de avaliación axustaranse ao artigo 14 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro que establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia:*

Os documentos oficiais de avaliación son:

- Expediente académico.
- Actas de avaliación.
- Informe indicativo do nivel obtido na avaliación final de etapa.
- Historial académico.
- Informe persoal por traslado.

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

*A Comisión de Coordinación Pedagóxica, reunida o 29 de marzo de 2022, tomando como base lexislativa a Orde do 22 de xaneiro de 2022 e oído o equipo docente de educación primaria, tomou, respecto dos criterios de cualificación, os seguintes acordos que foron aprobados polo claustro na sesión do 29 de marzo do 2022:*

*1. A avaliación do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.*


*2. Cando o progreso do alumnado non sexa o axeitado, en calquera momento do curso:*

- *Estableceranse medidas de reforzo educativo.*
- *Tan pronto como se detecten as dificultades.*
- *Terá un especial seguimento a situación do alumnado con necesidades educativas especiais.*
- *Estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.*

*3. Os referentes para avaliar a aprendizaxe do alumnado serán:*

- *os criterios de avaliación e, de ser o caso,*
- *os estándares de aprendizaxe (Decreto 105/2014 do 4 de setembro).*

*4. Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirlle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.*



## XUNTA DE GALICIA

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP CURROS ENRÍQUEZ  
Avda. Miguel Angel Blanco, (A Costa)  
32800 Celanova  
Ourense  
TELÉFONO: 988-788068

<http://centros.edu.xunta.es/ceipcurrosenriquez.celanova>  
[ceip.curros.celanova@edu.xunta.es](mailto:ceip.curros.celanova@edu.xunta.es)

***5. A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe.***

***Teranse en consideración, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe das diferentes áreas que se relacionan cunha mesma competencia, os cales conforman o perfil desa competencia.***

Reflectiranse na acta de avaliación final de cada curso nos termos:

o «Insuficiente (IN)», «Suficiente (SU)», «Ben (BE)», «Notable (NT)»  
ou «Sobresaínte (SB)».

### **CRITERIOS DE PROMOCIÓN.**

***A Comisión de Coordinación Pedagóxica, reunida o 29 de marzo de 2022, tomando como base lexislativa a Orde do 22 de xaneiro de 2022 e oído os equipos docentes de educación infantil e primaria, tomou, respecto dos criterios de promoción, os seguintes acordos que foron aprobados polo claustro na sesión do 29 de marzo do 2022:***

***- Decidirase sobre a promoción do alumnado ao finalizar os cursos 2o, 4o e 6o de Primaria.***

***- A promoción no resto de cursos da etapa (1o, 3o e 5o) será automática.***

***- Decidirá sobre a promoción o equipo docente do grupo na sesión de avaliación final.***

***A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción.***

***- De non haber acordo, terase especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.***

***- A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional:***

***Tomarase se:***

***Tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno.***


***O equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento.***

***• O equipo docente organizará un plan específico de reforzo (artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021) para alcanzar as competencias correspondentes durante ese curso.***

***• Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa.***

***• Os pais (nai/pai/titor legal) serán oídos en sesións de titoría convocadas antes da sesión de avaliación para informar da posibilidade de non promoción e informados despois da sesión de avaliación antes da entrega das notas ao alumno/a.***





## XUNTA DE GALICIA

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP CURROS ENRÍQUEZ  
Avda. Miguel Angel Blanco, (A Costa)  
32800 Celanova  
Ourense  
TELÉFONO: 988-788068

<http://centros.edu.xunta.es/ceipcurrosenriquez.celanova>  
[ceip.curros.celanova@edu.xunta.es](mailto:ceip.curros.celanova@edu.xunta.es)

*- O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.*

*- Ao finalizar os cursos 2o e 4o de Primaria, o titor/a emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna/o, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte.*

*- Ao finalizar 6o de Primaria, o titor/a emitirá un informe sobre o a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.*

### **DEREITO DO ALUMNADO A OBXECTIVIDADE NA EVALUACIÓN.**

Ca fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e a que o seu rendemento sexa valorado e recoñecido con obxectividade:

- Faranse públicos os procedementos e os criterios xerais de avaliación, promoción e titulación que a comisión de coordinación pedagóxica e o equipo docente establezan, respectivamente, na proposta curricular e nas programacións didácticas.
- O profesorado, ao comezo de cada do curso, informará ao alumnado e ás súas respectivas familias sobre os obxectivos, contidos, procedementos, instrumentos e criterios de avaliación e cualificación das diferentes áreas, incluídas as materias pendentes de cursos anteriores, e os procedementos de recuperación e de apoio previstos.
- Así mesmo, informarán dos criterios de promoción e titulación.
- A dirección do centro responsabilizarase de que a información sobre a avaliación e os seus procesos sexa accesible e se lle dea publicidade para toda a comunidade educativa.
- A persoa docente titora e o profesorado das distintas áreas, manterán unha comunicación fluída, no relativo ao proceso de aprendizaxe, co alumnado e as familias.
- As familias poderán solicitar aclaracións ao titor/a e ao profesorado (mediante petición dunha titoría) acerca das informacións que sobre o seu proceso de aprendizaxe reciban, e sobre os procedementos de revisión de cualificacións e de decisións sobre a promoción e a titulación.

### **PROCESO DE RECLAMACIÓN NO CENTRO.**

*Segundo o DOG 2 marzo 2021:*

- *As familias do alumnado, poderán solicitar ao titor/a ou profesorado as aclaracións que consideren precisas acerca das valoracións que se realicen*



## XUNTA DE GALICIA

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP CURROS ENRÍQUEZ  
Avda. Miguel Angel Blanco, (A Costa)  
32800 Celanova  
Ourense  
TELÉFONO: 988-788068

<http://centros.edu.xunta.es/ceipcurrosenriquez.celanova>  
[ceip.curros.celanova@edu.xunta.es](mailto:ceip.curros.celanova@edu.xunta.es)

*sobre o seu proceso de aprendizaxe, así como sobre as cualificacións ou decisións que se adopten como resultado do devandito proceso. A reclamación formal abranguerá unicamente as cualificacións finais.*

*➤ No caso de que persista o desacordo coa cualificación final obtida nunha área, ou coa decisión de promoción ou titulación adoptada para un alumno ou alumna, a familia poderá solicitar por escrito a revisión da devandita cualificación ou decisión, no prazo de dous días lectivos, ou de ser o cas hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produciu a súa comunicación.*

*➤ A solicitude que teña por obxecto a revisión dunha cualificación, que conterá cantas alegacións xustifiquen a desconformidade coa cualificación final ou coa decisión adoptada, será tramitada a través da xefatura de estudos, quen a trasladará ao profesorado, con cuxa cualificación se manifesta o desacordo, e comunicará tal circunstancia á persoa docente titora.*

*➤ Cando o obxecto da revisión sexa a decisión de promoción ou titulación, a solicitude trasladarase á persoa docente titora do alumno ou alumna, como responsable da coordinación da sesión final de avaliación en que a decisión foi adoptada.*

*➤ Cando a solicitude de revisión teña por obxecto a revisión dunha cualificación final, no primeiro día lectivo seguinte, ou se fora o caso, hábil, a aquel en que finalice o período de solicitude de revisión, o profesorado analizará as solicitudes de revisión recibidas e elaborará os correspondentes informes que recollan a descrición de feitos e actuacións previas que tivesen lugar, e a decisión adoptada de modificación ou ratificación da cualificación final obxecto de revisión.*

*No proceso de revisión da cualificación final obtida nunha área, materia, o profesorado contrastará as actuacións seguidas no proceso de avaliación do alumno e alumna co establecido na programación didáctica, con especial referencia aos seguintes aspectos, que deberán recollerse no informe:*


*a) Adecuación dos contidos e criterios de avaliación sobre os que se levou a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumno ou alumna cos recollidos na correspondente programación didáctica.*

*b) Adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación aplicados co sinalado na programación didáctica.*

*c) Correcta aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación didáctica para a superación da área.*

*d) A decisión debidamente motivada da ratificación ou modificación da cualificación final obxecto de revisión.*





## XUNTA DE GALICIA

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP CURROS ENRÍQUEZ  
Avda. Miguel Angel Blanco, (A Costa)  
32800 Celanova  
Ourense  
TELÉFONO: 988-788068

<http://centros.edu.xunta.es/ceipcurrosenriquez.celanova>  
[ceip.curros.celanova@edu.xunta.es](mailto:ceip.curros.celanova@edu.xunta.es)

*O profesorado trasladará o informe elaborado á xefatura de estudos, quen comunicará por escrito como máximo no día lectivo seguinte, ou se fora o caso, hábil, á familia, a decisión razoada de ratificación ou modificación da cualificación revisada e informará desta á persoa docente titora facéndolle entrega dunha copia do escrito cursado co xustificante de recepción pertinente.*

*➤ Á vista do informe elaborado polo profesorado e en función dos criterios de promoción e titulación establecidos con carácter xeral no centro e aplicados ao alumno ou alumna, a xefatura de estudos e a persoa docente titora, como persoa coordinadora do proceso de avaliación, considerarán a pertinencia de reunir en sesión extraordinaria o equipo docente co fin de que este, en función dos novos datos achegados ou pola solicitude das persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal, se fora o caso, valore a necesidade de revisar as decisións adoptadas.*


*➤ Cando a solicitude de revisión teña por obxecto a decisión de promoción ou titulación adoptada para un alumno ou alumna, celebrarase unha reunión extraordinaria no prazo máximo de dous días lectivos, ou se fora o caso hábiles, desde a finalización do período de solicitude de revisión. Na reunión revisarase o proceso de adopción da dita medida á vista das alegacións realizadas.*

*➤ Na acta da sesión extraordinaria recollerase a descrición de feitos e actuacións previas que tivesen lugar, os puntos principais das deliberacións do equipo docente e a ratificación ou modificación da decisión obxecto da revisión, razoada e motivada conforme os criterios para a promoción ou titulación dos alumnos e alumnas establecidos con carácter xeral na proposta curricular.*

*➤ A dirección do centro comunicará por escrito ao alumno ou alumna e ás súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal a ratificación ou modificación razoada da decisión de promoción ou titulación, o que porá fin ao procedemento de revisión.*

*➤ Se, tras o proceso de revisión, procedese a modificación dalgunha cualificación final, ou ben da decisión de promoción ou titulación adoptada, a secretaría do centro, co visto e prace da dirección do centro, anotará nas actas de avaliación e, se é o caso, no expediente e no historial académico, a oportuna dilixencia.*

*➤ As persoas interesadas no procedemento terán dereito a acceder e a obter copia dos documentos contidos no expediente, que se lle remitirán en formato dixital.*



## XUNTA DE GALICIA

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP CURROS ENRÍQUEZ  
Avda. Miguel Angel Blanco, (A Costa)  
32800 Celanova  
Ourense  
TELÉFONO: 988-788068

<http://centros.edu.xunta.es/ceipcurrosenriquez.celanova>  
[ceip.curros.celanova@edu.xunta.es](mailto:ceip.curros.celanova@edu.xunta.es)

### PROCEDEMENTO DE RECLAMACIÓN ANTE A XEFATURA TERRITORIAL.

1. No caso de que, tras o procedemento de revisión no centro, persista o desacordo coa cualificación final de curso obtida nunha área ou coa decisión sobre a promoción ou titulación adoptada polo equipo docente, o alumnado, a familia ou persoa que desempeña a representación legal poderán presentar por escrito á dirección do centro, no prazo de dous días hábiles a partir do día seguinte á comunicación sobre a decisión adoptada, reclamación ante a xefatura territorial correspondente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

2. A dirección do centro docente, no prazo máis breve posible e en todo caso non superior a tres días hábiles, remitirá o expediente á xefatura territorial. O devandito expediente incorporará os informes elaborados no centro, copia fiel dos instrumentos de avaliación que xustifiquen as informacións acerca do proceso de avaliación do alumno ou alumna, así como, se é o caso, as novas alegacións do reclamante e o informe, se procede, do director ou directora sobre estas.

3. O Servizo de Inspección Educativa analizará o expediente e as alegacións que nel se conteñan á vista da programación didáctica do equipo docente e da proposta curricular, e emitirá o seu informe favorable ou desfavorable á estimación da reclamación en función dos seguintes criterios:

a) Adecuación dos contidos e criterios de avaliación sobre os que se levou a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumno ou alumna cos recollidos na correspondente programación didáctica.


b) Adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación aplicados co sinalado na programación didáctica.

c) Correcta aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación didáctica para a superación da área, materia ou ámbito.

d) Cumprimento por parte do centro do disposto na presente orde.

4. O Servizo de Inspección Educativa poderá solicitar a colaboración de persoal docente especialista nas áreas a que faga referencia a reclamación para a elaboración do seu informe, así como solicitar aqueles documentos que considere pertinentes para a resolución do expediente.

5. No prazo de quince días hábiles a partir da recepción do expediente, considerando a proposta incluída no informe que elabore o Servizo de Inspección Educativa, a xefatura territorial adoptará a resolución pertinente, que será motivada en todo caso, e que se comunicará inmediatamente á dirección do centro para a súa aplicación e traslado á persoa interesada e que será consignada nos correspondentes documentos oficiais de avaliación. A resolución da xefatura territorial poñerá fin á vía administrativa.



## XUNTA DE GALICIA

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**CEIP CURROS ENRÍQUEZ**  
Avda. Miguel Angel Blanco, (A Costa)  
32800 Celanova  
Ourense  
TELÉFONO: 988-788068

<http://centros.edu.xunta.es/ceipcurrosenriquez.celanova>  
[ceip.curros.celanova@edu.xunta.es](mailto:ceip.curros.celanova@edu.xunta.es)

6. Se, tras o proceso de revisión, procede a modificación dalgunha cualificación final e dos consecuentes efectos de promoción ou titulación para o alumno ou alumna, a secretaría do centro, co visto e praxe da dirección, expedirá a correspondente dilixencia nas actas, no expediente académico e, se é o caso, nos restantes documentos de avaliación, facendo referencia á resolución estimatoria da reclamación. Cando, á vista da resolución adoptada pola xefatura territorial, poida ser necesario modificar algunha das decisións previas adoptadas, reunirse o equipo docente en sesión extraordinaria.
7. De conformidade co artigo 119.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o exercicio do dereito á revisión e reclamación de cualificacións non pode resolverse cunha cualificación menor da inicialmente obtida.

En Celanova, a 14 de xuño de 2022.  
O Claustro do Profesorado.